

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 7**

### **REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

#### **DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MONFERO**

##### **Artigo 1: Obxecto**

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.b do Texto Refundido da Lei de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola utilización do servizo de axuda no fogar (SAF), tanto para persoas valoraras como dependentes coma para as que acceden por libre concorrencia.

##### **Artigo 2: Obrigados/as ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado mediante a presente Ordenanza, as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar segundo o establecido no Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Monfero e a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Comunidade Autónoma Galega.

Considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicita o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria titular un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que poidan forman parte dela ao marxe que respondan solidariamente do pago do prezo público todos os adultos que formen parte da mencionada unidade familiar.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade de obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou ostente a condición de gardador.

##### **Artigo 3: Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo**

Para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo terase en conta o establecido no artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, reguladora do SAF para a Comunidade Autónoma de Galicia e o contemplado no artigo 24 do Regulamento do SAF do Concello de Monfero.

Para os efectos do cálculo da capacidade económica estarase a regulación da orde de 22 de xaneiro de 2009, tendo en conta que para a aplicación das tarifas tomarase como referencia o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) en termos anuais de 14 pagas, e a incorporación do valor do patrimonio segundo establece a Orde de 22 de xaneiro de 2009.

No cómputo da renda ou do patrimonio terase en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible e os datos catastrais do que se dispoña.

Para a actualización da información relativa á capacidade económica, as persoas usuarias do servizo, presentarán, antes do final de setembro de cada ano, xustificación documental actualizada das circunstancias socioeconómicas a ter en conta para a avaliación da capacidade económica.

#### **Artigo 4: Participación económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar**

Para os supostos nos que non proceda a exención no prezo público a achega, en todo caso respectará os límites establecidos no art. 18.2 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma Galega, segundo as tarifas contidas nas táboas de copagamento da presente Ordenanza e sen que a contribución económica da persoa usuaria poda ser superior ó 65% do custo.

#### **TABOAS DE COPAGAMENTO**

##### **USUARIOS DE ACCESO DIRECTO (DEPENDENCIA) E DE LIBRE CONCORRENCIA**

<b>INGRESOS EN RELACION AO IPREM</b>	<b>COPAGO (% custo hora)</b>
Máis do 100% e ata o 150%	10%
Máis do 150% ata 200%	15%
Máis do 200 % ata 300%	20%
Máis do 300% ata 400%	50%

Máis do 400% ata 500%	60%
Mais do 500%	65%

Esta táboa de copagamento aplicarase a tódolos servizos complementarios do servizo de axuda no fogar, no caso de non estar suxeitos a convenio ou ordenanza específica.

A porcentaxe de copago revisarase anualmente, para o que a persoa usuaria achegará a documentación que lle sexa requirida oportunamente.

### **Artigo 5: Custo do servicio**

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do artigo 4, establececese o prezo da hora da prestación do servizo en 12,87€. O custo da hora poderase revisar anualmente en función do custo do servizo.

### **Artigo 6: Obriga de pagamento**

A obriga do pagamento do prezo público pola prestación do servizo regulado nesta ordenanza, nace desde que se inicia a prestación do servizo de axuda no fogar ou servizos complementarios.

As liquidacións de prezos practicaranse mediante recibo das horas asignadas, por meses naturais vencidos, pagándose cada un nos 15 primeiros días naturais do mes seguinte ao da prestación do servizo, e en función das horas asignadas ó usuario. En caso de axuste en función das horas previstas e as reais prestadas ao mes, o importe regularizarase no mes seguinte, cobrándose o mesmo que o mes anterior ao das incidencias acontecidas. O pago efectuarase mediante cargo na conta corrente ou cartilla de aforros do/a solicitante, que deberá indicar no modelo que se lle facilitará no momento de realizar a solicitude.

### **Artigo 7: Exencións**

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ó indicador público de rendas de efectos múltiples, quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

### **Artigo 8: Normativa subsidiaria**

Para o non previsto na presente Ordenanza, se estará ao establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009 e demais normativa aplicable.

### **Disposición final**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos quince días dende a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.